

Variantes textuais nun poema de *Comaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño

Juan José Moralejo Alvarez

Remexendo nos libros de meu pai fun dar cunha primeira edición (Vilagarcía de Arousa: Edicións Celta, 1947) dos *Cómaros Verdes* de Aquilino, alumno, colega e amigo ó que meu pai tiña, seica, fonda consideración polo seu labor poético.

Neste exemplar de *Cómaros Verdes* gardaba meu pai unha folla de tamaño cuartilla, de papel ruín e consonte cos tempos que corrían. O papel afecta notablemente ó poema *C.V. CATULO*, p.p. 47-48 dos *Cómaros verdes*, porque ten variantes textuais importantes en cantidade e mais en calidade. Non teño eu memoria nin hai no papelíño nota de que fose expresamente ofrecido ó meu pai por Aquilino ou simplemente esquecido por el cando lle regalou e adicou o libro.

O papel, que de agora en adiante imos chamar T (*Textus*), contén con variantes as catro primeiras estrofas do poema e, pola contra, non hai nel nin chisco da quinta estrofa (vv. 17-20).

Para os seis primeiros versos o texto está mecanografado e ten correccións a máquina -chataduras coa letra x- e tamén manuscritas: con M sinalamos o texto mecanografado; con Md o texto mecanografado que foi chatado (*deletum*) polo poeta; con Am sinalamos as correccións que o poeta fixo a man (*autographum*).

Do verso 6 en adiante a folla é manuscrita e sinalámola como A (*Autographum*). Con Ad sinalamos o autógrafo corrixido e chatado (*deletum*) e con Aa o autógrafo con que o poeta corrixe A.

No papel non hai indicación nin de lugar nin de data, pero parece que en A, Am, Aa pode haber dúas tintas (¿dúas plumas?) e mais dúas variantes da letra de Aquilino e, xa que logo, teriamos momentos diferentes do seu labor.

Presentamos agora o poema co *apparatus criticus* de T (p. 47):

C.V. CATULO

¡Dous mil anos de noite! ¿Que paxaro
roi dediños de almendra, sombra fina?
¿Qué fontela de sono ora agurgulla
auga leve de risa desfollada?

p. 48:

Lesbia -bicos a centos, coma areias,
coma olas longuísimas salgadas-,
¿qué doce sono enleia a noite triste?
¿Qué saudades che rôn peitos escuros?

Conta, conta Veranio, bon amigo,
ledos contos de Iberia, terra ardida.
-Brazos quentes afogan noites pechas.
Tremban sofraxes lisas coma buxo.

¿Lembras frol asañada ô pe da veiga
sob a rella do arado, bon amigo?
-Erque, branca, Postumia, roxas cuncas,
uva de ouro, na noite sefiardosa.

Sirmio, Sirmio venusta, brando leito,
risas ledas do lago que un amara.
-Non me zárrel-as portas, Ipsilila,
rosa, loura mazá, naranxa de ouro.

APPARATUS CRITICUS:

Nota:

Litterae cum puncto supposito sunt dubiae.
Litterae in parenthesi sunt supplementum in coniectura.

v.2:

T *dediños*: M *dediños* super Md os dedos.
T *almendra*: M forte *Lesbia* super *uasbia* Am *lua*
Aa *almendra* in margine superiore.

v.3:

T *fontela*: M *fontiña* Am *ela* super *iña*.

v.4:

T *auga leve de*: Md *a i-auga da sua*.

Ante v.5

Md *Leve sombra de son no teu desvelo de anos* et sequitur v.5 *Lesbia* etc.

v.5:

T a *centos*: M *ardidos* Am *centos super rdidos*.

v.6:

T *coma olas*: Md *comaolasa* ante M *coma olas*.
T *longuísimas salgadas*: M *longuismas e sagadas* Am scripsit i in *longuismas*, deleuit e, scripsit l in *sagadas*.

Hic desinit M, sequitur A cum Aa et Ad.

Post v.7 Ad *sin maos do*.

Post v.7 Ad *-Ibi illa multa tum iocosa fiebant*.

v.8:

T *escuros*: Ad *de sono Aa escuros*.

Post v.8 Ad *quae tu uolebas nec puella nolebat-*.

v.9:

T *bon*: Aa *bon* sed incertum quid sit sub *bo*.

v.10:

T *iberia*: A *Hiberia*.
T *ardida*: A *ardente*.

v.11:

T *-Brazos quentes afogan noites pechas non est in A*, quod habet *son moi fortel-os viños e as mulleres Aa doce super forte*.

v.12:

T *Tremban sofraxes lisas coma buxo*: A *Teñen nádegas lisas coma cobre*. Aa *teñen* forte emendatum sed non est legendum T *tremban*.
Aa *as sofraxes super Ad nádegas*. Aa correxit e in *cobre super Ad es*.

Super 12 A *teñen Ad ledas*, forte adiectiuum cum A 11 *mulleres* aut cum Ad 12 *nádegas*.

v.13:

T *lembras*: A *lémbraсте Ad te*.
T *frol*: A *flor*.
T *ô pe da veiga*: A *contra d'o cómaro Aa a ras super Ad contra*.

v.15:

T *-Ergue, branca, Postumis, roxas cuncas, A enche agora Postumia* 99

ledas noites Aa *Ergue* super Ad *Enche* Aa *leda* super Ad *agora* Aa
copas super Ad *noites*.

Super 15 A *Enche* (Ad *Ergue*) Ad *Branca* et Ad *Lembras l*: forte duo initia versi
et *l* forte *l(eda)*.

v.16:

T *uva*: Aa *uva* cum *uv* super Ad *are*.

T *de ouro*: A *d'ouro*.

T *na noite señardosa*: Aa *na noite señardosa* sub Ad *e de sonos*
infinitos.

In Autographo desunt uersus 17-20

In Autographo notabilia haec etiam reperimus:

V.2: post *fin*a interrogationis signum deletum a / signo et iterum scriptum cum
uirgulae singo superposito.

V.3: ante *Qué* interrogationis signum deest.

VV. 5-6: post *Lesbia* et super uirgulam est lineola -, quae repetitur cum uirgula
anteposita in fine uersus 6; utraque lineola et uirgula manuscriptae sunt.

V.7: in fine uersus, post *triste*, interrogationis signum deletum uidetur et post se
uirgulam habet.

V.9: in fine uersus post *amigo* uirgula deest.

V.10: post *Hiberia* uirgula deest.

V.13: uirgula post *asañada*.

V.14: uoci *rell*a accentus scriptus inesse uidetur.

V.15: in Autographo lineola - et mediae uirgulae desunt.

VV. 15-16: in autographo interrogationis signa utrumque uersum amplectentia
insunt.

O labor de creación poética en xeral e no caso de Iglesia Alvariño ten expertos que
poderán, se cadra, tirar conclusións proveitosas do papeliño que nós presentamos,
pero non deixaremos de sinalar que na mente do poeta parecen bulir motivacións
ou ecos dende os modelos latinos catulianos e tamén ideas, formas, verbas en certo
modo tópicas ou recorrentes na lingua poética galega: por exemplo, v.3 T *fontela*
M *fontiña* Am *ela* super *iña*; por exemplo, v.12 Ad *ledas*, forte adiectiuum cum A
11 *mulleres* aut cum Ad 12 *nádegas*.

Os ecos catulianos maniféstanse nitidamente en que Aquilino en A tras do v.7 ten
100 Ad *Ibi iila multa tum iocos fiebante* e tras do v.8 ten Ad *quae tu uolebas nec puella*

nolebat, que son os versos 6-7 do poema VIII (*Miser Catulle...*) no que o poeta *nouus* se laia da inconstancia da amada. Pero este poema non parece ter unha incidencia directa no que Aquilino fai con ecos ou referencias doutros de Catulo. Por exemplo:

v.1: *¡Dous mil anos de noite!*

cf. V,5-6:

*nobis cum semel occidit brevis lux,
nox est perpetua una dormienda.*

v.1: *¿Qué paxaro...?*

cf. II,1:

Passer, delicia meae puellae...;

III,2:

Passer mortuus est meae puellae...

v.5: *Lesbia -bicos a centos, coma areias:*

cf. V,7:

Da mihi basia mille, deinde centum,...;

VII,1-3:

*Quaeris quot mihi basiationis
tuae, Lesbia, sint satis superque.*

Quam magnus numerus Libyssae harenae;

XVI,12-13:

*Vos, qui milia multa basiorum
legistis, male me marem putatis?...;*

XLVIII,2-3:

*Siquis me sinta usque basiare,
usque ad milia basiem trecenta,...*

As referencias a Lesbia son millenta: cf. poemas XLIII, LI, LVIII, LXXII, LXXV, LXXXIII, LXXXVI, LXXXVII, XCII, CVII; cf. *¡madia leva!* a obra completa do poeta veronés.

vv.9-10: *Conta, conta, Veranio...*

cf. IX,1:

Verani, omnibus e meis amicis...

6-7:

*uisam te incolumen audiamque Hiberum
narrantem loca facta nationes,...;*

cf. tamén XII, XXVIII, XLVII para Veranio, e XXIX e XXXVIII para Iberia en Catulo; nótese que T *Iberia* en A *é hiberia*, con grafía quicais motivada polas grafías catulianas con H.

vv.13-14: *¿Lembras frol asañada...?*

cf. XI, 21-24:

*... nec meum respectet, ut ante, amorem, qui illius culpa cecidit uelut
prati ultimi flos, praetereunte postquam tactus aratro est.*

cf.LXII, 39-40:

*ut flos in saeptis secretus nascitur hortis, ignotus pecori, nullo
conuulsus aratro.*

v.15: *Ergue, branca, Postumia...*

cf.XXVII, 2-3:

.. inger mi calices amariores, ut lex Postumiae iubet magistrae

vv.17-18: *Sirmio, Sirmio uenusta, brando leito, risas ledas do lago que un amara.*

cf.XXXI, 12-14:

*Salue, o uenusta Sirmio, atque ero gaude; gaudete uosque o Lidiae
lacus undae. Ridete, quicquid est domi cachimnorum.*

v.19: *-Non me zárrel-as portas, Ipsilila,*

f. XXXII,1:

Amabo, mea dulcis Ipsithilla

4: Et si iusseiris, illud adiuuato, nequis liminis obseret tabellam...

Advértase o erro T Ipsilila por Ipsitila.

v.20: *roxa, loura mazá,*

cf.IIa:

*Tam gratum es mihi quam ferunt puellae
pernici aureolum fuisse malum
quod zonam soluit diu ligatum.*

O lector poderá engadir outros ecos e paralelos, e non soamente de Catulo, senón da poesía clásica en xeral na que Aquilino era experto tal e como poden dar fe en *Cómaros Verdes* os poemas *Nos curros de Aldoar*, *Pol-os vellos poetas que foron*, A.A. Tibulo.

Juan José Moralejo Álvarez
Universidade de Santiago de Compostela